



Intervención da presidenta do Parlamento de Galicia no acto de entrega de premios da segunda edición do Concurso Escolar do Parlamento de Galicia

Santiago de Compostela, 6 de xuño de 2012//11,00h.

Membros da Mesa do Parlamento de Galicia e membros do xurado, amigas e amigos:

Antes de nada, quero darvos a máis cordial benvida ao Parlamento de Galicia e tamén as grazas pola vosa presenza e participación nesta segunda edición do concurso escolar convocado polo Parlamento de Galicia.

Por segundo ano consecutivo, neste Salón dos Reis, acollemos o acto de entrega dos premios dun concurso que deseñamos cun propósito moi claro: espertar o interese dos máis novos polo que aquí facemos e polo que significa o Parlamento de Galicia como pilar do noso sistema democrático.

Non me canso de repetir o importante que é abrir as portas desta casa, que nos coñezades, que coñezades o que aquí se fai todos os días e a importancia da primeira institución de Galicia que, por riba de calquera outra consideración, é a casa de todos os galegos e as galegas.



É moi importante tamén que coñezades o Parlamento e o que significan as institucións xa desde a escola.

Non é casualidade que desde o Parlamento de Galicia nos teñamos esforzado en potenciar o programa de visitas guiadas. Queremos que todos os estudantes galegos teñan visitado, polo menos nunha ocasión, esta sede ao remate da escolarización obrigatoria.

Tampouco é casualidade a edición dun libro divulgativo que fixemos pensando en todos vós (*Libro, ou mellor, libriño divertido para saber máis do Parlamento galego do que se sabía antes de lelo*) e do que todos recibiredes un exemplar ao final deste acto. Temos moito interese en continuar este concurso escolar, unha nova edición, para que podades achegarvos ao que aquí se fai.

Teño que dicir que todos os traballos recibidos poñen de manifesto non só unha enorme creatividade, senón tamén o espírito crítico e capacidade de análise e fundamentalmente o esforzo e o traballo de todos.

Como sabedes, nesta ocasión había unha novidade, a realización dos traballos en equipo, porque entendemos que só desde a colaboración se pode entender a concordia, o diálogo, a tolerancia, o respecto... Facer as cousas entre varios axúdanos a entender e a escoitar a opinión dos outros. Todo isto é



moi importante no Parlamento: escoitar e respectar as opinións de todos.

Todos os que hoxe estades aquí representades o futuro. E dentro de pouco será a vosa xeración a que sente nos escanos deste Parlamento para adoptar decisións e legislar sobre a Galicia do mañá.

Pero antes de chegar a esa etapa, anímovos a que vos formedes e os esforcedes para acadar unha formación de calidade que vos permita afrontar o futuro con garantías. O voso esforzo, dirixido e apoiado polos vosos profesores, é, podeades estar seguros, a única fórmula capaz de conducirvos ao éxito persoal e profesional. Porque, estou convencida, non hai atallos nin fórmulas máxicas máis aló do esforzo, o estudo e o traballo constante.

Como entendo que o de hoxe non é un día para discursos senón un día de celebración, quero felicitar especialmente aos gañadores e finalistas desta edición do concurso escolar do Parlamento de Galicia, felicitación que fago extensiva á totalidade dos 606 alumnos participantes nas diferentes modalidades, así como aos profesores coordinadores dos traballos.

Sen eles, este acto nin tería sentido nin sería posible celebralo.

E o agradecemento tamén, por suposto, para os membros do xurado e para o profesor José Manuel



Rosales, quen nos asesorou durante todo o proceso de deseño do concurso. Todos, seino ben, tiveron moitas dificultades de elección, dada a gran calidade dos orixinais presentados.

Por iso, quero rematar felicitando a todos os participantes e a todos os equipos porque realmente o merecedes.

A todos, moitos parabéns e moitas gracias.